



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZASEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 35)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezaseis de setembro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asisten as señoras deputadas dona Mayra García Bermúdez e dona. Mónica Freire Rancaño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA NOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de setembro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NOS CENTROS DE ATENCIÓN MAIORES DE CASTROVERDE E PEDRAFITA DO CEBREIRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 12 de setembro de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Contratación das prestacións a persoas maiores nos Centros de Atención Maires de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro.

Lote 1 CAM Castroverde.

Lote 2 CAM Pedrafita do Cebreiro.

Primeiro.- Apertura de Requirimento de documentación.

Segundo.- Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes:



Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7CYLBNH7XPJ3E5VRYQP53REA¹.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7CYORZJV6ZLS64Q4F4KY2OOE.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CYLTNJQHDSTXPVV7RFZTXIM.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7CYLTNJ5NLJ3OLC7YCO4KSG4.

Prego de cláusulas administrativas particulares (consolidado) con CSV: IV7C3XL33JNYT3R2WPVQL5CEIE.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7CZSIS3J53VPFKQ4EBFYTWCI.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CZS26HEMCJNPPSAMXG5DON4.

Acordo da Xunta de Goberno de data 11 de marzo de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7C23IIAAZ2XG4OU76NKYD7OQ.

Acta da Mesa de Contratación do día 11 de maio de 2022, con CSV IV7DQ7CCFYN32SW6UHXDIHSH4, que acordou o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L.: Lote 1 CAM Castroverde.

CK Senior Gestion, S.L.: Lote 1 CAM Castroverde e Lote 2 CAM Pedrafito do Cebreiro.

Fundación Camiña Social: Lote 2 CAM Pedrafito do Cebreiro.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Garbaldi, S.A.: Lote 1 CAM Castroverde

Gerusia, S.L.: Lote 1 CAM Castroverde e Lote 2 CAM Pedrafita do Cebreiro

Troncoso Casares, S.L.: Lote 1 CAM Castroverde e Lote 2 CAM Pedrafita do Cebreiro.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación procede á cualificación da documentación do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos, cos seguintes resultados:

Os Anexos I presentados polas empresas As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L, CK Senior Gestion, S.L., Gerusia, S.L. e Troncoso Casares, S.L. axústanse aos requisitos recollidos no PCAP, polo que se acorda admitir a estas empresas.

Fundación Camiña Social non cumprimenta o apartado 11 do Anexo I, relativo ao cumprimento da normativa vixente en materia de igualdade. Polo servizo de contratación infórmase que con data 06/05/2022 recibíuse no Rexistro telemático da Deputación de Lugo escrito 2022RT006520 da Fundación que di o seguinte: (...) “Que a fecha 06 de mayo de 2022, la Fundación Camiña Social tiene una plantilla de ochenta y ocho (88) trabajadores en total, no llegando por tanto a los 250 trabajadores del artículo 71.1.d) de la LCSP”.

Á vista do escrito, enténdese subsanado o apartado 11 do Anexo I presentado pola Fundación Camiña Social e a Mesa acorda admitila.

Garbaldi, S.A. presenta no sobre electrónico, ademais do Anexo I e DEUC da empresa Garbaldi, S.A., Anexo I e DEUC da empresa Geriatrico Nosa Señora da Sela S.L., mais sen aclarar a efectos de qué o presenta. A Mesa acorda requirir á empresa Garbaldi, S.A. que presente declaración sobre a intencionalidade de incorporar un anexo I e DEUC doutra empresa.

A mesa de contratación cualifica o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade:



Non proceder á apertura dos criterios baseados en xuízos de valor correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento ata que se leve a cabo o trámite de subsanación do sobre que contén a declaración de cumprimento dos requisitos previos da empresa Garbaldi, S.A.

Requirir á empresa Garbaldi, S.A. para que, de conformidade co establecido no artigo 141 da LCSP, no prazo de tres días hábiles, presente declaración sobre a intencionalidade de incorporar un anexo I e DEUC doutra empresa.

Unicamente no caso de que sexa ao efecto de presentarse nunha unión temporal: presente compromiso - documento privado no que se indiquen os nomes e circunstancias dos empresarios que a constitúan e a participación de cada un deles, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas.”

Acta da Mesa de Contratación con CSV IV7DSHI7JRNC37F2UQXR75C7BY, reunida o 26 de maio de 2022, que acordou o seguinte:

“Reunida a Mesa de Contratación aos efectos de examinar a aclaración da documentación administrativa (Anexo I), da licitadora Garbaldi, S.A., infórmase que presentou, en prazo, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, declaración responsable de que: “recorre a Geriatrico Nosa Señora da Sela S.L. para que ponga a su disposición los medios técnicos de los que dispone para la integración de la solvencia con medios externos”.

A continuación, previo exame da documentación presentada, os membros da Mesa de Contratación entenden que a aclaración presentada por Garbaldi, S.A. é correcta e por unanimidade acordan admitir á licitación á empresa sendo así que as licitadoras admitidas son as seguintes:

As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L.: Lote 1 CAM Castroverde.

CK Senior Gestion, s.l.: Lote 1 CAM Castroverde e Lote 2 CAM Pedrafita do Cebreiro.

Fundación Camiña Social: Lote 2 CAM Pedrafita do Cebreiro.

Garbaldi, S.A.: Lote 1 CAM Castroverde.

Gerusia, S.L.: Lote 1 CAM Castroverde e Lote 2 CAM Pedrafita do Cebreiro.

Troncoso Casares, S.L.: Lote 1 CAM Castroverde e Lote 2 CAM Pedrafita do Cebreiro.

A Mesa de contratación acorda proceder á apertura dos sobres electrónicos de todas as licitadoras admitidas, relativo aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, resultando que as licitadoras presentan a memoria técnica, seguindo o índice previsto nos pregos.

A Mesa acorda enviar a documentación contida en ditos sobres a informe e valoración do Servizo de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.”

Acta da Mesa de Contratación, reunida o 19 de xullo de 2022, con IV7DE6P7NAX3J36M6IGG4VZGEU, que acordou o seguinte:

“Con anterioridade á celebración da Mesa, enviouse copia aos asistentes do informe de data 8 dexullo de 2022, de avaliación das ofertas técnicas presentadas polas licitadoras, con CSV IV7D23TSOE7SRWVK2D7AK5TRB4, asinado por Dna. Silvia García López, Xefa de Servizo de Benestar Social e Igualdade.

Detállase a puntuación por subcriterios e puntuacións finais:

PONDERACIÓN MEMORIA TÉCNICA LOTE 1 CAM CASTROVERDE

LICITADORA	CRITERIO Nº 6: 1.1.	CRITERIO Nº 6: 1.2	TOTAL CRITERIO Nº 6:
	CALIDADE PRESTACIONAL: PROPOSTA TÉCNICA VINCULADA CO PLAN DE TRABALLO	CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA DOS PRODUTOS ALIMENTICIOS NO ÁMBITO DA SUSTENTIBILIDADE E DA CALIDADE	CALIDADE E VIABILIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA PARA AS PRESTACIÓNS CONTRATADAS
1 AS RODAS VIVENDA COMUNITARIA, S.L.	17,75	9,00	26,75
2 CK SENIOR GESTIÓN, S.L.	17,00	6,25	23,25
3 GARBIALDI, S.A.	18,50	8,75	27,25
4 GERUSIA, S.L.	3,00	3,00	6,00
5 TRONCOSO CASARES, S.L.	16,75	6,50	23,25

PONDERACIÓN MEMORIA TÉCNICA LOTE 2 CAM PEDRAFITA DO CEBREIRO

LICITADORA	CRITERIO Nº 6: 1.1.	CRITERIO Nº 6: 1.2	TOTAL CRITERIO Nº 6:
	CALIDADE PRESTACIONAL: PROPOSTA TÉCNICA VINCULADA CO PLAN DE TRABALLO	CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA DOS PRODUTOS ALIMENTICIOS NO ÁMBITO DA SUSTENTIBILIDADE E DA CALIDADE	CALIDADE E VIABILIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA PARA AS PRESTACIÓNS CONTRATADAS
1 CK SENIOR GESTIÓN, S.L.	17,00	6,25	23,25
2 FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL	18,25	8,75	27,00
3 GERUSIA, S.L.	3,00	3,00	6,00
4 TRONCOSO CASARES, S.L.	16,75	6,50	23,25



A mesa de contratación acorda correxir o erro material de transcripción na páxina 16 do Informe técnico, posto que na avaliación da empresa Troncoso Casares S.L., faise referencia ao CAM de Castroverde, cando debería facerse ao CAM de Pedrafita do Cebreiro. O informe foi asumido polos integrantes da mesa de contratación. As puntuacións son as que se reproducen no cadro precedente.

Segundo.- Apertura criterios avaliados automaticamente.

Acto seguido procedeuse á apertura dos sobres que conteñenos criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos), sendo as ofertas presentadas polas licitadoras as seguintes:

Lote 1 CAM Castroverde:

AS RODAS VIVENDA COMUNITARIA, S.L.	
CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	41,70 €/día
Persoa usuaria dependente	47,00 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de ≥ 40 horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
3 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 sesión de quiropodía	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	

CK SENIOR GESTIÓN, S.L.	
CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	39,81 €/día
Persoa usuaria dependente	45,10 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de ≥ 40 horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
3 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 sesión de quiropodía	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	

GARBIALDI, S.A.	
CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	41,72 €/día
Persoa usuaria dependente	47,96 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de ≥ 40 horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
Non oferta	
Non oferta	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	

GERUSIA, S.L.	
CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	41,12 €/día
Persoa usuaria dependente	46,50 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de ≥ 40 horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
3 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 sesión de quiropodia	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	

TRONCOSO CASARES, S.L.	
CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	41,74 €/día
Persoa usuaria dependente	47,98 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de ≥ 40 horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
3 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 sesión de quiropodia	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	

Lote 2 CAM Pedrafita de Cebreiro:

CK SENIOR GESTIÓN, S.L.	
CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	39,81 €/día
Persoa usuaria dependente	45,10 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de ≥ 40 horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
3 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 sesión de quiropodia	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	

FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL	
CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	41,99 €/día
Persoa usuaria dependente	48,23 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Non oferta	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
Non oferta	
Non oferta	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: Non oferta	

GERUSIA, S.L.	
CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	41,12 €/día
Persoa usuaria dependente	46,50 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de ≥ 40 horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
3 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 sesión de quiropodia	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	



TRONCOSO CASARES, S.L.	
CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	41,99 €/día
Persoa usuaria dependente	48,23 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de ≥ 40 horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
3 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 sesión de quiropodia	
Non oferta CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	

Terceiro.- Valoración criterios avaliados automaticamente.

A Mesa comprobou que ningún dos prezos superaba o orzamento base de licitación e acordou realizar a valoración das ofertas nunha próxima reunión.”

Acta, con CSV IV7AULDLBBW56WE7WZ6TO5ZEGE, da mesa de contratación, reunida en data 12 de agosto de 2022, que recolle o seguinte:

“A Mesa comprobou que ningún dos prezos está incurso en oferta desproporcionada ou anormalmente baixa e acordou realizar a valoración das ofertas nunha próxima reunión.

Procédese á valoración dos criterios avaliados automaticamente que, sumados á puntuación dos criterios sometidos á xuízo de valor, da os seguintes resultados:

Lote 1 CAM Castroverde

		AS RODAS	CK SENIOR	GARBIALDI	GERUSIA	TRONCOSO
PUNTUACIÓN SOBRE B	30,00	26,75	23,25	27,25	6,00	23,25
PUNTUACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS	70,00	68,76	70,00	52,28	69,09	68,27
1. OFERTA ECONÓMICA	30,00	28,76	30,00	28,28	29,09	28,27
Persoa con Autonomía	5,00	4,77	5,00	4,77	4,84	4,77
Persoa dependente	25,00	23,99	25,00	23,51	24,25	23,50
2. CONTRATACION AXENCIA	8,00	8,00	8,00	8,00	8,00	8,00
3. HORAS FORMATIVAS	6,00	6,00	6,00	6,00	6,00	6,00
4. 1. DEPILACIÓN/BARBERÍA	10,00	10,00	10,00	0,00	10,00	10,00
4.2. QUIROPODIA	6,00	6,00	6,00	0,00	6,00	6,00
5. EVENTOS	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00
PUNTUACIÓN TOTAL	100	95,51	93,25	79,53	75,09	91,52

Lote 2 CAM Pedrafita do Cebreiro

		CK SENIOR	FU. CAMIÑA S.	GERUSIA	TRONCOSO
PUNTUACIÓN SOBRE B	30,00	23,25	27,00	6,00	23,25
PUNTUACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS	70,00	70,00	36,12	69,09	68,12
1. OFERTA ECONÓMICA	30,00	30,00	28,12	29,09	28,12
Persoa con Autonomía	5,00	5,00	4,74	4,84	4,74
Persoa dependente	25,00	25,00	23,38	24,25	23,38
2. CONTRATACION AXENCIA	8,00	8,00	8,00	8,00	8,00
3. HORAS FORMATIVAS	6,00	6,00	0,00	6,00	6,00
4. 1. DEPILACIÓN/BARBERÍA	10,00	10,00	0,00	10,00	10,00
4.2. QUIROPODIA	6,00	6,00	0,00	6,00	6,00
5. EVENTOS	10,00	10,00	0,00	10,00	10,00
PUNTUACIÓN TOTAL	100	93,25	63,12	75,09	91,37

Segundo.- Mellor valorado. Requirimento de documentación.

Visto canto antecede, a mesa de contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:

1.- Outorgar aos licitadores admitidos as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Lote 1 CAM Castroverde.

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	AS RODAS VIVENDA COMUNITARIA, S.L.	95,51
2	CK SENIOR, S.L.	93,25
3	TRONCOSO CASARES, S.L.	91,52
4	GARBIALDI, S.A.	79,53
5	GERUSIA, S.L.	75,09

Lote 2 CAM Pedrafita do Cebreiro.

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CK SENIOR, S.L.	93,25
2	TRONCOSO CASARES, S.L.	91,37
3	GERUSIA, S.L.	75,09
4	FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL	63,12

2.- Requirir á empresa As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L., para o Lote 1 CAM Castroverde para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.



Orzamento base licitación IVE excluído (cláusula 10.2 PCAP)	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
675.800,60 €	33.790,03 €

3.- Requirir á empresa CK Senior Gestión, S.L., para o Lote 2 CAM Pedrafita do Cebreiro para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Orzamento base licitación IVE excluído (cláusula 10.2 PCAP)	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
654.139,62 €	32.706,98 €

Resolución de Presidencia de 18 de agosto de 2022, con CSV IV7AVSSSD3X23K4MAAW4MJYCAM de clasificación e requirimento de documentación.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 12 de setembro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que as licitadoras propostas como adjudicatarias presentaron a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente:

A empresa As Rodas Vivenda Comunitaria S.L., para o Lote 1 CAM Castroverde, presenta en prazo a documentación e garantía definitiva. Incorporase ao expediente certificado de boa execución de prestacións da Deputación de Lugo.

A empresa CK Senior Gestion, S.L, para o Lote 2 CAM Pedrafita do Cebreiro, presenta en prazo a documentación e garantía definitiva. Incorporase ao expediente certificado de alta en IAE, certificado de boa execución aportado pola empresa no expediente 2022/CON_02/000015 desta

Deputación e comprobación de vixencia de inscrición no RUEPSS. A empresa presenta a través da sede electrónica da Deputación unha aclaración sobre o compromiso de adscrición de medios persoais, que informou favorablemente o servizo de benestar social e igualdade.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa As Rodas Vivenda Comunitaria S.L, a contratación das prestacións a persoas maiores nos centros de atención maiores de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro. 2022/CON_02/000017. Lote 1 CAM Castroverde, polo importe de 661.879,11 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 26.475,16 €, o que fai un total de 688.354,27 €, e duración dun ano, coa a seguinte oferta do adxudicatario:

AS RODAS VIVENDA COMUNITARIA, S.L.	
CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	41,70 €/día
Persoa usuaria dependente	47,00 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de \geq 40 horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
3 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 sesión de quiropodia	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	

Adxudicar á empresa CK Senior Gestion, S.L a contratación das prestacións a persoas maiores nos centros de atención maiores de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro. 2022/CON_02/000017. Lote 2 CAM Pedrafita do Cebreiro, polo importe de 611.555,13 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 24.462,21 €, o que fai un total de 636.017,34 €, e duración dun ano, coa a seguinte oferta do adxudicatario:



CK SENIOR GESTIÓN, S.L.	
CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	39,81 €/día
Persoa usuaria dependente	45,10 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de ≥ 40 horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
3 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 sesión de quiropodia	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa As Rodas Vivenda Comunitaria S.L, a contratación das prestacións a persoas maiores nos centros de atención maiores de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro. 2022/CON_02/000017. Lote 1 CAM Castroverde, polo importe de 661.879,11 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 26.475,16 €, o que fai un total de 688.354,27 €, e duración dun ano, coa a seguinte oferta do adxudicatario:

AS RODAS VIVENDA COMUNITARIA, S.L.	
CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	41,70 €/día
Persoa usuaria dependente	47,00 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de ≥ 40 horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
3 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 sesión de quiropodia	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	

2º.- Adxudicar á empresa CK Senior Gestion, S.L a contratación das prestacións a persoas maiores nos centros de atención maiores de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro. 2022/CON_02/000017. Lote 2 CAM Pedrafita do Cebreiro, polo importe de 611.555,13 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 24.462,21 €, o que fai un total de 636.017,34 €, e duración dun ano, coa a seguinte oferta do adxudicatario:

CK SENIOR GESTIÓN, S.L.	
CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	39,81 €/día
Persoa usuaria dependente	45,10 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de ≥ 40 horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
3 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 sesión de quiropodía	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	

3º.- A distribución por anualidades é a seguinte, tendo en conta a data prevista de inicio, en outubro de 2022:

LOTE	APLICACIÓN	TOTAL	2022 (3 meses)	2023 (9 meses)
LOTE 1 CAM CASTROVERDE	2315.22799	661.879,11 €	165.469,78 €	496.409,33 €
LOTE 2 CAM PEDRAFITA DO CEBREIRO	2315.22799	611.555,13 €	152.888,78 €	458.666,35 €
TOTAL		1.273.434,24 €	318.358,56 €	955.075,68 €

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022, polas cantidades indicadas, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

4º.- A duración destes contratos é dun ano, coa posibilidade de tres prórrogas mais de 1 ano + 1 ano + ata 12 meses de duración máxima, tendo en conta os compromisos establecidos nos convenios marcos e específicos entre a Deputación de Lugo e os Concellos tanto a efectos económicos como a efectos de vixencia, a cal remataría o 20.06.2026.

5º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.



6º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL PARA AUTORIDADES E PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 12 de setembro de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Contratación da póliza de responsabilidade civil para autoridades e persoal ao servizo da administración xeral da Deputación Provincial de Lugo. Expediente Nº: 2022/CON_02/000048.

Primeiro.- Valoración da documentación administrativa do art.150.2 LCSP.

Segundo.- Proposta de adxudicación se procede.

Antecedentes:

Orden de inicio de expediente, con CSV: IV7D6DS3J7VSJHH55RMS65Y7AY.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7D6DSDFZB7JXHDSBASHYJD6I.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7D6DIONNM4STBTAIGCKJXXME.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7D6OLPBAP3WSFZ6Q5TMV3POA.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D7QCNDR4SVF7C5FQOV3EOI.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado polo Secretario Xeral, con CSV: IV7D7QC23H624RFI4FYDENCXBY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7D7QBPNA76J2FYSFXDN5Z7DY.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7D7X2IFQJ4537PAI7VK3RVPY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7DY6323MN75656CN6R6N7HC4.

Acta da Mesa de Contratación do día 18 de xullo de 2022, con CSV: IV7DE2ROYB4OTOMM2Y74M77W74 que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

AIG Europe, S.A.

W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres



electrónicos que conteñen a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, cos seguintes resultados:

A empresa AIG Europe, S.A. presenta o Anexo I correctamente asinado pero o contido do mesmo consta en branco. Tendo en conta que se deduce a vontade do licitador de presentar a súa oferta, procedería requirir a emenda do mesmo para que no prazo de 3 días hábiles presente o modelo Anexo I correctamente cumprimentado.

A empresa W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España presenta debidamente cumprimentado o Anexo I axustado aos requisitos recollidos no PCAP.

Visto o que antecede, a Mesa de Contratación por unanimidade dos presentes acorda:

Primeiro.-Requirir á empresa AIG Europe, S.A. para que, no prazo de tres días hábiles, presente o modelo Anexo I correctamente cumprimentado.

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

Acta da Mesa de Contratación do día 12 de agosto de 2022, con CSV: IV7AU6APCHWYRSNK2FE5CZI7AQ que recolle as seguintes consideracións:

“Reunida a Mesa de Contratación aos efectos de examinar a subsanación da documentación administrativa (Anexo I), infórmase que a empresa AIG Europe, S.A. non presentou a emenda da documentación acordada pola Mesa en sesión celebrada o día 18 de xullo de 2022.

A continuación e visto o informado, os membros da Mesa de Contratación acordan por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Excluír a oferta presentada pola empresa AIG Europe, S.A. do procedemento de contratación por non atender o requirimento de subsanación do Anexo I en prazo.

Segundo.- Valoración ofertas económicas relativas aos criterios cuantificables automaticamente.

A continuación procédese a apertura do sobre dos criterios avaliados automaticamente e valoración da oferta presentada pola empresa W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España , sendo os criterios de valoración e puntuacións as que se recollen a continuación.

LECTADOR	Rebaixa de prima: ata 40 puntos	Incremento de Límites e sublímites de indemnización mínimos: ata 20 puntos. (deben incrementarse os límites e os sublímites no mesmo %).	Derogación do sublímite de reembolso por gastos de defensa: ata 30 puntos	Incremento do sublímite na cobertura de Gastos de Restitución de imaxe: ata 10 puntos.
W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España	44.999,00 euros	Non oferta	Non oferta	Non oferta

Á vista da oferta presentada a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade outorgar ás seguintes puntuacións:

LECTADOR	Rebaixa de prima	Incremento de Límites e sublímites de indemnización mínimos	Derogación do sublímite de reembolso por gastos de defensa	Incremento do sublímite na cobertura de Gastos de Restitución de imaxe	PUNTUACIÓN TOTAL
W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España	40 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	40 puntos

Neste procedemento de contratación por tratarse dun contrato privado e pola propia natureza do obxecto da contratación (o mercado asegurador), non se contemplou no PCAP límites para considerar a oferta anormal ou desproporcionada.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Requirir á empresa W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese



aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado ,significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
44.999,00 euros	2.249,95 euros

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

Resolución da Presidencia do día 18 de agosto de 2022, con CSV: IV7AVSS3PBWM7LP44RFX4NIV6E, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación e se procede á clasificación dos licitadores e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP ao licitador mellor clasificado.

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 12 de setembro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España presentou en prazo e correctamente a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Aceptar a documentación presentada pola empresa W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España e considerala completa.

Adxudicar á empresa W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España a contratación da póliza de Responsabilidade civil para autoridades e persoal ao servizo da administración xeral da Deputación Provincial de Lugo. Expediente Nº: 2022/CON_02/000048, por un importe de corenta e catro mil novecentos noventa e nove (44.999,00) euros/ano (IVE exento).

A duración do contrato establécese en un ano. O contrato poderá prorrogarse de ano en ano sen que a duración total poda exceder dos 4 anos (1+1+1+1).

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 10:10 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asínase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España a contratación da póliza de Responsabilidade civil para autoridades e persoal ao servizo da administración xeral da Deputación Provincial de Lugo. Expediente Nº: 2022/CON_02/000048, por un importe de corenta e catro mil novecentos noventa e nove (44.999,00) euros/ano (IVE exento).



2º.- A duración do contrato establécese en un ano. O contrato poderá prorrogarse de ano en ano sen que a duración total poda exceder dos 4 anos (1+1+1+1). Este prazo empezará a contar dende ás 00.00 horas do día 15 de setembro de 2022 ao ser a data de vencemento da póliza vixente, con independencia da data en que se formalice ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro, ao establecer no artigo 6º que por acordo das partes, os efectos de seguro poderán retrotraerse ao momento da solicitude ou de formalización da proposición salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES, MODELOS DE SOLICITUDE E OS ANEXOS DE XUSTIFICACIÓN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO

PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022 E CONVOCATORIA DAS MESMAS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“1. Exposición de motivos.

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable á concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, no marco do “Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios” ano 2022 para sufragar gastos derivados de investimentos/equipamentos (inversións) coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

Estas subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para entidades asociativas (asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas, comunidades de montes, asociacións de gandeiros, asociacións de mulleres rurais e agricultores ou de produtores forestais, e agrupacións de veciños da provincia de Lugo) para a realización de investimentos en inmobles de uso comunitario ou para equipamentos teñen como obxectivo fomentar actividades económicas, mellorar a produtividade e o emprendemento nos núcleos de poboación e na súa contorna, favorecendo espazos de intervención comunitaria autoxestionados coa participación directa dos afectados e ao mesmo tempo favorecer a implantación e mellora de servizos básicos a nivel local, facilitando a decantación dunha conciencia emprendedora, tanto nas iniciativas económicas individuais como na autorresponsabilidade colectiva para a autoestima necesaria que contribúa a fixar poboación no medio rural.

Así, as Administracións Públicas, entre elas a Deputación Provincial, deben converterse no motor que lidere e dinamice os sectores produtivos da nosa provincia, favorecendo así o benestar dos cidadáns e poñendo todos os recursos dispoñibles para dinamizar a economía da provincia.

Polo exposto, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción



dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local pon en marcha o programa: Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022.

2.- Marco normativo.

O artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece no seu artigo 9.2) que “con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta Lei”.

O título preliminar da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece os principios reitores de xestión das subvencións e a aprobación e contido das súas bases reguladoras. Así mesmo, no citado título preliminar faise constar que a enumeración dos extremos recollidos nas bases reguladoras responde ao feito de que estas son o elemento definitorio básico da relación entre a administración xestora e o beneficiario da subvención.

En concreto este texto legal refírese ás citadas bases como o mecanismo preciso para procurar o pleno coñecemento dos dereitos e deberes por parte dos beneficiarios, ao tempo que lles permite instaurar unha relación coa administración baseada na seguridade xurídica.

Do mesmo xeito, o artigo 6.2), da devandita Lei, prevé que “con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos desta Lei”.

A Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 29 de decembro de 2020 e publicada no BOP nº 82 do 13 de abril de 2021, recolle no se artigo 18. Iniciación que indica “ 1. O procedemento para a concesión iniciárase sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente.

A convocatoria deberá publicarse na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia así como na Sede electrónica. Así mesmo poderase realizar unha publicación

adicional na forma e polos medios que se establezan polo órgano competente para realizar a convocatoria”.

3.- Proposta de acordo.

Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría Xeral onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, o Deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria, modelos de solicitude e de conta xustificativa, para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022, recollido na liña 8.1 do vixente Plan Estratéxico de Subvencións (2020-2022).

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe de trescentos mil euros (300.000 euros) con cargo a aplicación orzamentaria 4590.789.

3º.- Que se proceda á convocatoria na forma regulamentariamente prevista coa súa publicación na Base Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia así como na Sede Electrónica.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 9 DE SETEMBRO DE 2022, RELATIVA Á



MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN E DO CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN DIRECTA PLURIANUAL DE CARÁCTER EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ENTIDADE DIÓCESE DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Dáse conta da Resolución da Presidencia, de data 9 de setembro de 2022, que na súa parte dispositiva dí:

“Primeiro: Aprobar a terceira modificación do acordo de concesión da subvención, de data 11 de decembro de 2020, que quería redactado no seguinte senso:

“1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 186.956,12€ a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020, 2021 e 2022, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 5.000,00 €.

Ano 2021: 145.000,00 €.

Ano 2022: 36.956,12 €.

2. Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 186.956,12 € que se desagrega en 5.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo”, 145.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do orzamento da Deputación

Provincial de Lugo para o ano 2021 e 36.956,12 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955, do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022.

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente”.

Segunda. Aprobar a modificación da cláusula primeira (obxecto do convenio) da cláusula segunda (orzamento de execución da actuación subvencionada) da cláusula terceira (achegas e compromisos das partes) e da Cláusula Adicional Primeira (anticipo) do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diocese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diocese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 16 de decembro de 2020 e modificado o 25 de xaneiro de 2022, o 14 de febreiro de 2022 e o 3 de xuño de 2022, no senso da cuarta addenda que se incorpora ao expediente, tendo en conta que media a vontade das partes e que o convenio está vixente e en prazo de execución e que recolle a posibilidade de modificación do mesmo.

Terceira: Dar conta da presente resolución na primeira sesión que celebre a Xunta de Goberno”.

Por todo elo, proponse á Xunta de Goberno a ratificación da Resolución anteriormente sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.



Primeiro.- *Convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza que ten por obxecto cooperar no financiamento da “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal de A Pastoriza”, anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Para os efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza para a execución dos fins común de “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal de A Pastoriza”, consta no expediente:

1. Solicitud do Concello de A Pastoriza con número de expediente no GTM: 2022/PES_03/011489 que inclúe ademais:

a. Memoria valorada do investimento.
b. Declaracións responsables relativas a non existencia de débedas e ás obrigas a asumir polo Concello de A Pastoriza.

2. Informe do servizo de Deportes relativo ao referido expediente.

3. Memoria de impacto económico.

4. Borrador de convenio.

Á vista así mesmo, do informe do Servizo de Contratación e Fomento.

E do informe do servizo de Intervención de Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal de A Pastoriza”, por importe total de 63.858,03 €, dos que 59.859,04 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 3.998,99 € a cargo do Concello de A Pastoriza.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 59.859,04 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello da Pastoriza, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Segundo.- *Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo co obxecto de colaborar no “Acondicionamento e humanización de espazo público lúdico-recreativo entre as rúas Pintor Fierros e Daniel Cortezón” (Aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do quince de outubro de 2021).*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 21 de outubro de 2021 se procedeu a sinatura do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Acondicionamento e humanización de espazo público lúdico-recreativo entre as rúas Pintor Fierros e Daniel Cortezón”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 15 de outubro de 2021.

Tendo en conta que na súa virtude, o Concello de Ribadeo comprometeuse, entre outros, a executar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 30 de setembro de 2022 para a anualidade 2021. E así mesmo, asumiu a obriga de presentar ante a Deputación



Provincial de Lugo a respectiva conta xustificativa das actuacións e dos gastos realizados, unha vez transcorrido o prazo de execución das actuacións previstas e contempladas no referido convenio e, en todo caso, como data límite do 31 de outubro de 2022 para a xustificación dos gastos executados dentro da anualidade 2021

Á vista de que expediente 2022/PES_03/017377, en data 05/09/2022 1, e ao abeiro do disposto na cláusula sétima do amentado convenio, o representante legal do Concello de Ribadeo presentou ante o rexistro telemático da Deputación de Lugo solicitude de modificación do convenio asinado no que atinxe ao epígrafe e) do apartado b) da cláusula terceira no referido á data límite de execución dos investimentos para a anualidade 2021 e ao primeiro parágrafo da cláusula quinta no relativo á data de xustificación dos gastos executados dentro da anualidade 2021, motivada polos atrasos producidos na execución das actuacións previstas como consecuencia do atraso na entrega de subministracións precisas para o desenvolvemento das actuacións e nos paros producidos no sector transporte.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Á vista do informe de Intervención.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

Aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Acondicionamento e humanización de espazo público lúdico-recreativo entre as rúas pintor Fierros e Daniel Cortezón”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 15 de outubro de 2021, e anexa ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Adenda de modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a execución de fins comúns consistentes en: Urbanización da zona C, Ponte de Ferro, Plan de accesibilidade e Parque do Hospital.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Urbanización da zona C, Ponte de Ferro, Plan de accesibilidade e Parque do Hospital que dispón o seguinte:

“Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 11/12/2020, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Urbanización da zona C, Ponte de Ferro, Plan de accesibilidade e Parque do Hospital

Segundo.- En data 20/12/2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos no que entre outros se recollía na cláusula primeira, relativa ao obxecto:

“(…)

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:



INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN				ACHEGA CONCELLO
	ANU 2020	ANU 2021	ANU 2022	TOTAL	ANU 2020
URBANIZACIÓN/REPARCELACIÓN ZONA C	7.000,00€	146.500,00€	146.500,00€	300.000,00€	723.698,80€
CONSTRUCCIÓN NOVA PONTE METÁLICA E CONEXIÓNS COA RUA SANTA CLARA-CORREDOIRA E O PASEO DO MALECÓN	12.943,00€	243.528,50€	243.528,50€	500.000,00€	1.000.000,00€
PLAN ACCESIBILIDADE NOS EDIFICIOS E PARQUES MUNICIPAIS DA CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS	7.000,00€	21.500,00€	21.500,00€	50.000,00€	245.108,11€
PARQUE DO BARRIO DO HOSPITAL	7.000,00€	71.500,00€	71.500,00€	150.000,00€	405.934,16€
SUB-TOTAL	33.943,00 €	483.028,50 €	483.028,50 €	1.000.000,00 €	2.374.741,07 €
TOTAL				3.374.741,07	

(...)"

E na cláusula terceira relativa ás obrigas do Concello:

(...)

e) Executar os investimentos relacionados, obxecto deste convenio, na data límite do 30 de setembro de 2023.

Non obstante, anualidade de 2020 executarase antes do 30/09/2021, a anualidade de 2021, antes do 30/09/2022. (...)"

Terceiro.- Acordo da Xunta de Goberno de data 12-11-2021, pola que se aproba addenda de modificación ao convenio, sendo asinada dita addenda o 12-11-2021, sendo incluídos os honorarios nas das actuacións Urbanización/ reparcelación zona C e construcion nova ponte metálica e conexións coa rua Santa Clara-Corredoira e o Paseo do Malecón.

Cuarto.- D. José Tomé Roca, Alcalde do Concello de Monforte de Lemos achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, con 2022RT012256 de data 13/09/2022, a través do que solicita a modificación do convenio interadministrativo de xeito que se reasignen os importes de cada anualidade e se amplie o prazo de execución e vixencia do convenio.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa

administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”



Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio

administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na



planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Sétimo.- O municipio de Monforte de Lemos é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)

En canto ao acondicionamento e dotación de servizos, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “ a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

En canto á mellora de camiños e accesos a núcleos de poboación, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros

organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Oitavo.- O Concello de Monforte de Lemos, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.



Noveno.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O concello de Monforte de Lemos, unha vez entregadas as obras, será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta

para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo primeiro.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-01-2024, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, de xeito que a data límite da vixencia do convenio sexa o 20 de decembro de 2024, e co desglose financeiro que se indica:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN					ACHEGA CONCELLO
	ANU 2020	ANU 2021	ANU 2022	ANU 2023	TOTAL	ANU 2020
URBANIZACIÓN/REPARCELACIÓN ZONA C, INCLUIDO HONORARIOS	7.000,00€	146.500,00€	146.500,00€	0,00€	300.000,00€	723.698,80€
CONSTRUCCIÓN NOVA PONTE METÁLICA E CONEXIÓNS COA RUA SANTA CLARA-CORREDOIRA E O PASEO DO MALECÓN, INCLUIDO HONORARIOS	12.943,00€	0,00€	0,00€	487.057,00€	500.000,00€	1.000.000,00€
PLAN ACCESIBILIDADE NOS EDIFICIOS E PARQUES MUNICIPAIS DA CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS	7.000,00€	21.500,00€	21.500,00€	0,00€	50.000,00€	245.108,11€
PARQUE DO BARRIO DO HOSPITAL	7.000,00€	71.500,00€	71.500,00€	0,00€	150.000,00€	405.934,16€
SUB-TOTAL	33.943,00 €	239.500,00€	239.500,00€	487.057,00 €	1.000.000,00€	2.374.741,07 €
TOTAL	3.374.741,07					



Décimo segundo.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación segunda do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno, unha vez fiscalizado de conformidade, se adopte o seguinte acordo:

Que se aprobe a addenda de modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Urbanización da zona c, Ponte de Ferro, plan de accesibilidade e parque do hospital de tal xeito que a vixencia do convenio se extenda ata a data límite do 20 de decembro de 2024, fixándose como data para presentar as contas xustificativas de cada anualidade (2021-2022-2023) o 31 de outubro do ano seguinte á anualidade referida, agás a relativa a 2023 que terá como data límite o 15 de novembro de 2024; e quedando as anualidades do seguinte xeito:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN					ACHEGA CONCELLO
	ANU 2020	ANU 2021	ANU 2022	ANU 2023	TOTAL	ANU 2020
URBANIZACIÓN/REPARCELACIÓN ZONA C, INCLUÍDO HONORARIOS	7.000,00€	146.500,00€	146.500,00€	0,00€	300.000,00€	723.698,80€
CONSTRUCCIÓN NOVA PONTE METÁLICA E CONEXIÓNS COA RUA SANTA CLARA-CORREDOIRA E O PASEO DO MALECÓN, INCLUÍDO HONORARIOS	12.943,00€	0,00€	0,00€	487.057,00€	500.000,00€	1.000.000,00€
PLAN ACCESIBILIDADE NOS EDIFICIOS E PARQUES MUNICIPAIS DA CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS	7.000,00€	21.500,00€	21.500,00€	0,00€	50.000,00€	245.108,11€
PARQUE DO BARRIO DO HOSPITAL	7.000,00€	71.500,00€	71.500,00€	0,00€	150.000,00€	405.934,16€
SUB-TOTAL	33.943,00 €	239.500,00€	239.500,00€	487.057,00 €	1.000.000,00€	2.374.741,07 €
TOTAL					3.374.741,07	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos de 2023 a cantidade indicada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DA RECLAMACIÓN DE PARTICULARES COMPARECENTES EN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)-Navia (LU-722)” P.Q. 0,000 ao 4,350.

Co base no informe da Xefa do Negociado de Administración do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos que di:

No Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos recibíuse solicitude sobre cambio de titularidade das fincas 111 e 112 do expediente expropiatorio para a obra FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)-Navia (LU-722)” P.Q. 0,000 ao 4,350. Unha vez examinado o expediente e a documentación achegada, procede rectificar a mencionada titularidade no seguinte senso:

Finca	Titularidade anterior	Nova titularidade
111	Herdeiros de Eduardo Fernández López	Felicita Álvarez Cancio
112	Estrella Álvarez Fernández	Felicita Álvarez Cancio

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DOS PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE”, DO “PREMIO TURISMO



SOSTIBLE” E DOS PREMIOS “...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE” PARA A ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que con data 25 de marzo de 2022 a Xunta de Goberno desta Deputación acordou a aprobación do gasto, da convocatoria e das bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, do “Premio Turismo Sostible” e do Premio “...E, para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para a anualidade 2022.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 10 de xuño de 2022 relativo á ampliación do prazo de presentación de candidaturas ata o 30 de xuño de 2022.

Visto o informe do Servizo de Turismo con CSV IV7DGIBOZFG3KRBMQ3QNG5L66U relativo ás candidaturas presentadas aos premios obxecto da convocatoria.

Vista a acta do Consello Extraordinario de Turismo celebrado con data 5 de setembro de 2022 no Pazo de San Marcos e que tivo como punto da orde do día o estudo, análise e valoración das candidaturas presentadas aos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, ao “Premio Turismo Sostible” e aos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” na anualidade 2022.

Visto o informe do Servizo de Turismo previo ao acordo de concesión dos premios e emitido de conformidade co punto décimo das bases reguladoras da convocatoria.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º- Conceder os Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” (anualidade 2022) ás seguintes candidaturas:

Asociación de Veciños e Veciñas de Vilachá de Salvadur.

Ruta da Faba de Lourenzá.

Fundación Xosé Soto de Fión.

2º- Conceder o Premio Turismo Sostible ao Glamping Cabana das Chousas.

3º- Conceder os Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” (anualidade 2022) ás seguintes candidaturas:

Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida de San Simón da Costa.

Feira do Butelo da Fonsagrada.

Festa da merluza do pincho de Celeiro.

4º- Desestimar a candidatura de Champivil SL ao non cumprir os requisitos especificados no punto oitavo das bases da convocatoria e ao non ter atendido o requerimento notificado con data 14 de xullo de 2022.

5º- Dar publicidade deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA LUGOTERMAL 2022-2023.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Pablo Rivera Capón, en calidade de Delegado da Área de Promoción Económica e Social, da Deputación Provincial de Lugo, expón:



A Deputación de Lugo dende o ano 2011 ven desenvolvendo programas de termalismo dirixidos as persoas maiores empadroadas en calquera concello da provincia de Lugo, en colaboración cos balnearios autorizados pola autoridade competente para utilizar as augas minero-medicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, na provincia de Lugo, en aras de promover o benestar social dos seus cidadáns.

Consta informe da xefa de servizo de Benestar Social e Igualdade relativo á posta en marcha dunha nova edición do programa LugoTermal co CSV IV7AQWA5EEUOYWVO7RADON7ECY, no que se informa que o é un programa preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal, que potencia o envellecemento activo a través do termalismo, estando encadrado dentro das accións para mellorar o benestar social e a promoción da autonomía persoal, así como, a prevención e a detección precoz da dependencia, sendo necesario para a posta en marcha do mesmo a súa aprobación e posteriormente a tramitación do expediente de contratación das prestacións termais e as bases e convocatoria para a selección das persoas usuarias.

Tendo en conta todo o anteriormente establecido e vistos os demais documentos emitidos relativos ao citado programa propónse á Xunta de Goberno acorde:

Aprobación do programa LugoTermal 2022-2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RÍO RATO (4ª FASE), MEDIANTE CONCORRENCIA PÚBLICA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Á vista da incoación do inicio da tramitación do expediente 2022/XEN_01/002334 relativo á convocatoria para a concesión das autorizacións de uso dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (4ª fase) mediante concorrencia pública, asinada o 02.08.2022 baixo o CSV XLNQSDO5SEWIO56XODL7OFET7A polo Deputado Delegado da Area de Medio Ambiente.

Tendo en conta a consecución dos obxectivos e finalidades deste procedemento que baixo o informe CSV 6BORSP433QTD4SFXQBJT5C62GI do 04.08.2022 sinala o Servizo de Medio Ambiente e no que formula que:

Logo da remodelación dos hortos urbanos do Parque do río Rato en decembro de 2019, realizáronse sendas convocatorias públicas co obxectivo da asignación individualizada das 150 parcelas dispoñibles, a primeira para usuarios que xa disfrutaran con anterioridade de un Horto no río Rato ou en Paradai (BOP nº 264 de 17 de novembro de 2020) e unha segunda fase aberta a poboación en xeral, na que se tiveron en conta criterios sociais á hora de valorar as solicitudes (BOP nº 072 de 30 de marzo de 2021) e unha terceira fase (BOP nº 250 de 30 de outubro de 2021) que unha vez resolta, só quedaron sen adxudicar un total de 9 Hortos.

Unha vez finalizadas estas tres primeiras convocatorias, quedan libres os Hortos Nº 31, 92 e do 144 ao 150, ambos incluídos, considerándose necesario o establecemento dun procedemento para a autorización de uso destes restantes Hortos urbanos do río Rato, dos Hortos que queden libres debido a renuncias ou procedementos sancionadores e para a elaboración, de ser o caso, da correspondente listaxe de agarda ou reserva para a adxudicación dos hortos que queden vacantes ao longo do tempo debido a renuncias ou a procedementos sancionadores.

Tendo en conta que coa aprobación do Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo que foi publicado no BOP nº 156 do 9 de xullo de 2020 a Deputación Provincial, e concretamente como cometido do Servizo de Medio Ambiente, artículase o instrumento regulador para a xestión da utilización e uso do dominio público provincial seguinte:

Baixo a denominación de Hortos urbanos do parque do río Rato referimos as parcelas de titularidade provincial que están inscritas baixo o epígrafe un, folio oitenta e nove do Libro Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Deputación Provincial de Lugo, pertencentes ao



Concello de Lugo e cualificadas xuridicamente como bens de dominio público que se identifican segundo as seguintes referencias catastrais:

Lugar: Concello de Lugo	Referencia catastral
Parque do río Rato	27900A531000340000WE
Parque do río Rato	27900A531000330000WJ
Parque do río Rato	27900A531000350000WS

Así consta no Certificado do Libro de Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Deputación expedido o 9 de marzo de 2021 baixo o CSV IV7H6YKTYBJSWSEDAQP4EASW6Y.

Tendo en conta os informes asinados pola Secretaria Xeral Adxunta o 28.09.2021 baixo o CSV Q5CUA3ZP7ET3WXHRRNI7JBEHHA se estima adecuado á lexislación vixente para a súa proposta ante a Xunta de Goberno o procedemento de outorgamento de autorización en réxime de concorrencia e dos seus pregos reitores formulados polo Servizo de Medio Ambiente baixo CSV 6BORSP433QTD4SFXQBJT5C62GI do 04.08.2022 .

Tendo en conta o informe de 07.09.2022 emitido pola Intervención provincial con CSV HJ4HDV63GEVDOUE64VSQUIWXWE que indica que, en relación á convocatoria para a concesión das autorizacións de uso dos Hortos urbanos do parque do Río Rato (4ª fase), non supón ningún gasto nin ingreso, polo que non está suxeito a fiscalización limitada previa.

Polo exposto, tendo en conta os expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, procédese a establecer as bases que rexerán no procedemento para a concesión de autorizacións de uso dos bens de dominio público provincial denominado Hortos do río Rato (4ª fase) mediante concorrencia pública, a cuxos efectos proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Realizar a convocatoria pública de participación para a solicitude de autorización de uso dos denominados Hortos do Río Rato (4ª fase) mediante concorrencia pública, tendo en conta o

Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicado BOP nº 156 do 09.07.2020.

2º.- Aprobar as seguintes cláusulas pola que se rexera o presente procedemento:

Bases do procedemento.

1. Obxecto.

Os Hortos Urbanos do Parque do río Rato están situados no concello de Lugo nas parcelas catastrais:

27900A531000340000WE / 27900A531000330000WJ / 27900A531000350000WS

Serán obxecto deste procedemento os Hortos Urbanos do Parque do río Rato que se atopen vacantes, sendo na actualidade un total de 9, ou que queden libres debido a renuncias ou a procedementos sancionadores.

Os Hortos son individuais, de 30 metros cadrados e cunhas dimensións de 6x5 metros, delimitados mediante rasillóns cerámicos.

2. Réxime Xurídico.

Rexerán este procedemento de autorización as presentes Bases, o recollido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación de Lugo (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020) e a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

En todo o non recollido na anterior normativa, serán de aplicación supletoria as normas contidas no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento.

3. Destinatarios.

Para poder acceder á autorización para o uso dos Hortos Urbanos, as persoas ou entidades solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ser persoa física e maior de idade.



b) Ser representante acreditado de asociacións que estean inscritas regulamentariamente no rexistro de Asociacións.

c) Ser veciño de Lugo ou dalgún outro Concello lindeiro figurando como inscrito no padrón municipal correspondente.

d) Estar exento de obrigas coas administracións públicas de calquera tipo.

Así mesmo segundo o apartado 18 do Regulamento, non poderán acudir ao procedemento de outorgamento de autorización de uso de Hortos, as persoas que se atopen nos seguintes casos:

a) Aqueles que convivan con algunha persoa á cal se lle asignou un Horto, entendendo que conviven todas aquelas persoas empadroadas nun mesmo domicilio.

b) Tras verse revocada a autorización de uso da Horto a consecuencia da resolución dun expediente sancionador.

c) Posuír terreos no concello de Lugo con potencialidade de ser cultivados, isto no caso de novas adxudicacións.

4. Prazo da autorización.

A autorización outorgarase por un período de dous anos, sen perxuízo de posibles prórrogas. Esta non será transmisíbel en ningún caso.

5. Gastos esixíbeis ao adxudicatario.

A autorización de uso outorgarase con carácter gratuíto e non se esixe a constitución de ningún tipo de garantía.

6. Presentación de solicitudes.

6.1-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a publicación do anuncio no BOP.

6.2-Forma de presentación

Os interesados presentarán no Rexistro da Deputación de Lugo, na súa Sede electrónica (<https://sede.deputacionlugo.org/>) ou calquera outro medio dos establecidos no artigo 16.4 da LPACAP:

- 1) Copia do DNI ou documento que legalmente o substitúa.
- 2) Solicitude (Anexo I) debidamente cuberta e asinada.

3) Declaración responsable (Anexo II) asinada.

Quen compareza ou asine proposicións en nome doutra persoa ou entidade deberá acreditar a representación mediante documento orixinal, copia auténtica, lexitimada ou fotocopia compulsada da escritura do poder do representado, estar debidamente inscrita no rexistro mercantil (se este requisito fose esixible), certificado da súa representación ou calquera outro documento valido en Dereito que acredite a representación.

4) Certificado de empadramento do solicitante (no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo II).

5) Certificado de estar ó corrente e coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social (no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo II).

6) A acreditación das circunstancias sociais e persoais que serán tidos en conta para a valoración no caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de Hortos dispoñibles acreditaranse mediante a presentación de:

a) Desemprego: Vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego que acredite a condición de desempregado/a e o período de inscrición.

b) Renda per capita (IPREM): Copia da Declaración da renda do ano 2021 de todos os membros da unidade familiar.

c) Familia numerosa: Copia do libro de familia e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais.

d) Xubilado/a: Certificado do Instituto Nacional da Seguridade Social que acredite a condición de xubilado.

e) Asociacións: Acreditación de ser representante da asociación e estatutos da asociación ou Acreditación de representante de Centro Educativo ou colectivo de nais e pais xunto coa Inscrición no Rexistro de Asociacións, de ser o caso.

7. Mesa de seguimento.

O órgano competente para a concesión das autorizacións estará asistido pola Mesa de seguimento (Mesa), un órgano de asistencia encargado de cualificar e comprobar a documentación achegada polos solicitantes, requirir a subsanación de deficiencias e competente para a valoración



das solicitudes e a demais documentación achegada polos interesados, elevando posteriormente a correspondente proposta de outorgamento.

A Mesa estará composta por tres funcionarios da Área de Medio Ambiente, os cales serán nomeados mediante Decreto da Presidencia.

8. Procedemento.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Mesa reunirse para examinar a documentación presentada polos interesados, determinando se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos da convocatoria.

No caso de que o número de solicitudes supere ó de Hortos vacantes (9), requirirá aos solicitantes a presentación da documentación acreditativa das circunstancias que serán tidas en conta na valoración das solicitudes, de acordo co punto 6.2, apartado 6 destas bases, no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, no prazo de 10 días hábiles, dende a recepción da correspondente notificación.

O prazo máximo para resolver será de 6 meses dende a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro da Deputación de Lugo. Transcorrido este prazo sen terse notificado resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo.

8.1 Valoración de solicitudes.

No caso de que o número de solicitudes admitidas sexa menor que o de Hortos libres, procederase ao sorteo dos Hortos dispoñibles entre os solicitantes admitidos no procedemento, en caso contrario, será precisa unha valoración previa, para a asignación dos Hortos mediante un procedemento deconcorrenza no cal se valorarán aspectos de carácter social, establecendo unha orde de asignación e creando unha listaxe de reserva.

Criterios de valoración Persoas físicas.

Ser desempleado/a e demostralo coa presentación dunha vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego correspondente, na que acredite a condición de desempleado e o período de inscrición. (Máximo 4 puntos):

Desempleado/a de longa duración + de 24 meses (incluído) (4 puntos).

Desempleado/a longa duración entre 12 (incluído) e 24 meses (3 puntos).

Desempleado/a duración inferior a 12 meses (2 puntos).

Ter unha renda per cápita anual que non supere ao 100% do IPREM, acreditando esta situación cunha fotocopia da Declaración da Renda do ano 2021 de todos os membros da unidade familiar. (Máximo 2 puntos):

a) Renda per cápita anual inferior ao 75% do IPREM (2 puntos).

b) Renda per cápita anual entre o 75% e o 100% (incluído) do IPREM (1 punto).

Ser familia numerosa, condición que se acreditará mediante fotocopia do libro de familia, e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais. (Máximo 2 puntos):

Familias con máis de 3 descendentes (2 puntos).

Familias con 3 descendentes (1 punto).

Xubilado/a, acreditando dita condición mediante a presentación do correspondente certificado.

(1 punto).

Criterios de valoración Asociacións – Colectivos.

Ser representante dunha asociación sen ánimo de lucro que actúe no campo de persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, con colectivos vinculados ao medio ambiente... e que solicite ese Horto para o colectivo da Asociación. O outorgamento de Hortos, para as asociacións vinculadas a persoas con dificultades de mobilidade, estará limitado ao número de Hortos adaptados existentes. (5 puntos).

Ser representante de Centros educativos (Director ou representante legal) ou representante de Asociacións de Nais e Pais (Presidente ou representante legal) de centros educativos. (4 puntos).

No caso de solicitudes como representante de Asociación ou colectivo:

Os solicitantes deberán acreditar a súa función dentro dos devanditos colectivos e aportar acreditación como representante da asociación, entidade ou centro escolar; así como as escrituras da asociación e a Inscripción no Rexistro de Asociacións correspondente.

Ó ser limitados os espazos existentes, no caso de empate na puntuación realizarase un desempate nun sorteo público que se anunciará cunha antelación mínima de 3 días hábiles, mediante a publicación da data, hora e lugar do mesmo no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na web da Deputación de Lugo.

8.2 Listaxe provisional e definitiva.



A Mesa é a encargada de examinar o cumprimento dos requisitos e circunstancias de cada unha das solicitudes admitidas no procedemento e de proceder a súa valoración. Dita valoración publicarase no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, e de ser o caso, incluírá a relación valorada da listaxe de reservas das solicitudes que non acadaron Horto.

No caso de empates na puntuación, o desempate realizarase mediante un sorteo ao chou.

As listaxes publicaranse no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na web da Deputación de Lugo, estando exposta para a súa consulta durante 10 días naturais, prazo durante o cal os interesados poderán presentar as alegacións que consideren.

No caso de non recibir alegacións, ás listaxes publicadas pasarán a ser definitivas. En caso de que existan alegacións, a Mesa resolverá sobre o seu contido, facendo pública unha nova listaxe, nos mesmos medios, que será definitiva.

A listaxe de reservas deberá estar numerada por orde de puntuación e terá unha validez de 2 anos dende a súa publicación definitiva.

8.3 Sorteo de Hortos.

A asignación individualizada de cada Horto realizarase ao chou, entre os solicitantes admitidos, mediante un sorteo público, correspondendo un Horto por cada solicitante e por unidade familiar.

O sorteo terá lugar o luns 16 de xaneiro de 2023, as 10:00 horas.

O sorteo realizarase nas dependencias da Deputación Provincial de Lugo, sitas na rúa San Marcos, 8 (Lugo).

8.4 Proposta de outorgamento.

Unha vez publicada a listaxe definitiva de admitidos e de reserva, e unha vez efectuado o sorteo público, a Mesa fará unha proposta de outorgamento ao órgano competente para outorgar as autorizacións no que se indique individualmente o Horto asignado a cada interesado. Dita proposta non creará dereito ningún a favor do solicitante proposto.

O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á autorización, renunciar ao seu outorgamento por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación ou das reguladoras do presente procedemento.

Cando o órgano competente non resolva segundo a proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión.

O outorgamento da presente autorización de uso notificarase aos candidatos procedendo a asinar o documento administrativo de autorización de uso do dominio público que os autorizará ao uso da parcela asignada nos Hortos Urbanos do Parque do río Rato, durante o período de 2 anos.

9. Xurisdición competente e interposición de recursos.

As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos destas cláusulas serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta autorización de uso someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

Contra as resolucións que poñan fin a vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados recurso de reposición, ante o Presidente da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, ou a interposición de calquera outro recurso que se considere procedente.

10. Outras consideracións.

Os solicitantes, coa presentación da solicitud de participación neste procedemento, comprométese ao cumprimento do Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao mantemento da orde, estado e convivencia nos Hortos e ao mantemento en boas condicións dos materiais e instalacións necesarias para o funcionamento e cultivo dos mesmos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DA AXUDA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA



XUNTA DE GALICIA PARA AS ACTUACIÓNS DO ÓRGANO DE XESTIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E SOLICITUDE DE ANTICIPO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“O Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño é un órgano especial da administración sen personalidade xurídica propia, para a xestión da Reserva, que está integrado na Deputación Provincial de Lugo, segundo o seu Regulamento publicado no BOP nº 76 do 04.04.2011.

O día 16.02.2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 32) a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para actuacións por parte dos órganos de xestión das reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT724C).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 25.02.2022, prestou aprobación á proposta de encargo ao seu medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización do servizo técnico de redacción dos proxectos para actuacións dos órganos de xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e montes de Cervantes, Navia e Becerreá, con cargo ao Plan PRTR financiado pola Unión Europea-Nextgeneration EU para os anos 2022-2023.

O Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Terras do Miño, en sesión celebrada o 08.03.2022, aprobou a solicitude de axuda para o proxecto de actuacións do órgano de xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño, regulada na referida convocatoria.

O día 17.03.2022 a Deputación de Lugo, administración na que está integrado o órgano de xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño, solicitou unha axuda á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia na referida convocatoria.

Posteriormente, o día 28.07.2022 a Deputación de Lugo presentou ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia unha modificación ou mellora voluntaria da solicitude de axuda presentada o 17.03.2022.

O día 02.09.2022, o subdirector xeral de Espazos Naturais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia notificou á Deputación de Lugo a través do sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, que o 30.08.2022, a directora xeral de Patrimonio Natural, por delegación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, resolveu aprobar a axuda solicitada por un importe total de 609.369,72 € (IVE excluído) e un total de 188,02 hectáreas de conservación a acadar.

Dita resolución establece as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE (€)
2022	121.873,94
2023	487.495,78
TOTAL	609.369,72

Esta subvención finánciase integramente pola Unión Europea a través dos fondos asignados á Xunta de Galicia para o financiamento de actuacións en Reservas da Biosfera con cargo ao PRTR, sen que a Deputación de Lugo teña que cofinanciar as referidas actuacións.

Segundo a convocatoria aprobada pola Orde do 25 de xaneiro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda:

“Artigo 24. Notificación da resolución, aceptación e renuncia.

1. As notificacións das resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

...



4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

...

6. A entidade beneficiaria poderá presentar a renuncia á axuda concedida, ante a DXPN, mediante o anexo III.”

“Artigo 27. Anticipos e garantías

1. Poderase solicitar o abono dun único pagamento anticipado (anexo VI) de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita lei.

2. Os pagamentos anticipados suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo a actuación subvencionada nos casos en que o gasto aínda non estea realizado. Este pagamento quedará suxeito ás seguintes condicións:

a) O importe do anticipo non poderá superar o da anualidade prevista para o exercicio orzamentario 2022.

b) A entidade beneficiaria deberá solicitalo por escrito ante a DXPN nun prazo de 15 días contados desde o día seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda.

c) No caso de que se solicite este anticipo, as entidades beneficiarias quedan obrigadas a constituír unha garantía polo importe solicitado:

1º. No caso de que a entidade solicitante sexa unha Administración pública, xunto coa solicitude de anticipo (anexo VI) deberán presentar a garantía escrita asinada polo órgano competente polo 110 % do importe anticipado.

...

d) A garantía estará en vigor ata que a DXPN autorice a súa cancelación ou devolución nas condicións descritas no artigo 63 do Regulamento (UE) 1305/2013.

e) A contía do anticipo terase en conta á hora de facer liquidacións parciais.

f) No caso de que se acorde o reintegro polo órgano competente e, a instancias deste, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda executará as garantías constituídas ao seu favor.

g) As entidades beneficiarias dos anticipos deberán estar ao día no pagamento das obrigas coa Seguridade Social, a Consellería de Facenda e a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

h) Así mesmo, e de acordo co establecido no artigo 61.3 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, as destinatarias destes anticipos tamén deberán estar ao corrente do pagamento das obrigas de reembolso de calquera outros anticipos concedidos anteriormente con cargo aos créditos especificamente consignados para a xestión de fondos europeos nos Orzamentos Xerais do Estado.”

“Artigo 28. Xustificación da subvención

A xustificación da subvención efectuarase en dúas anualidades:

1. Anualidade 2022:

a) No caso de non solicitar anticipo, a entidade beneficiaria deberá solicitar o pagamento da anualidade correspondente ao ano 2022 (anexo IV) unha vez executada e xustificada a actividade correspondente.

b) Para a anualidade de 2022 só se admitirán aqueles gastos efectivamente realizados e pagados entre a data de emisión da acta de non inicio recollida no artigo 9.3 ou, no seu caso, da presentación da declaración responsable recollida no mesmo artigo, e o 21 de outubro de 2022.

c) No caso das entidades beneficiarias que solicitasen o anticipo, todas as actuacións deberán estar executadas e pagas con data límite do 23 de decembro de 2022, e poderán presentar a xustificación do importe anticipado na data establecida para a anualidade 2023 xunto á xustificación final.

2. Anualidade 2023:

a) Unha vez executada e xustificada a actividade correspondente ao ano 2023 solicitarase o pagamento da segunda anualidade (anexo IV).

b) Só será subvencionable o gasto realizado que fose efectivamente pagado con data límite do 29 de setembro de 2023.

3. Estes prazos serán, en todo caso, improrrogables.”

Polo anteriormente exposto, e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, propónse á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:



1º.- Aprobar a aceptación da resolución como beneficiario da axuda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia para as actuacións do Órgano De Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño (EXP MT724B/27/2022/400001/X), por importe de 609.369,72 € (IVE excluído), sen cofinanciación por parte da Deputación de Lugo, coas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE (€)
2022	121.873,94
2023	487.495,78
TOTAL	609.369,72

2º.- Aprobar a solicitude de abono dun único pagamento anticipado (segundo o anexo VI da convocatoria) por importe de 121.873,94 €, no prazo de 15 días contados desde o día seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda (02.09.2022) á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

3º.- Aprobar a presentación, xunto coa solicitude anticipo, dunha garantía escrita asinada polo órgano competente polo 110 % do importe anticipado (é dicir, por un importe de 134.061,33 €).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DA AXUDA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA PARA AS ACTUACIÓNS DO ÓRGANO DE XESTIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ E SOLICITUDE DE ANTICIPO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“O Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses) é un órgano especial da administración sen personalidade xurídica propia, para a xestión da Reserva, que está integrado na Deputación Provincial de Lugo, segundo o seu Regulamento publicado no BOP nº 76 do 04.04.2011.

O día 16.02.2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 32) a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para actuacións por parte dos órganos de xestión das reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT724C).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 25.02.2022, prestou aprobación á proposta de encargo ao seu medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización do servizo técnico de redacción dos proxectos para actuacións dos órganos de xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e montes de Cervantes, Navia e Becerreá, con cargo ao Plan PRTR financiado pola Unión Europea-Nextgeneration EU para os anos 2022-2023.

O Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, en sesión celebrada o 08.03.2022, aprobou a solicitude de axuda para o proxecto de actuacións do órgano de xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, regulada na referida convocatoria.

O día 17.03.2022 a Deputación de Lugo, administración na que está integrado o órgano de xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, solicitou unha axuda á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia na referida convocatoria.

Posteriormente, o día 28.07.2022 a Deputación de Lugo presentou ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia unha modificación ou mellora voluntaria da solicitude de axuda presentada o 17.03.2022.



O día 02.09.2022, o subdirector xeral de Espazos Naturais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia notificou á Deputación de Lugo a través do sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, que o 30.08.2022, a directora xeral de Patrimonio Natural, por delegación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, resolveu aprobar a axuda solicitada por un importe total de 427.058,26 € (IVE excluído) e un total de 185,1 hectáreas de conservación a acadar.

Dita resolución establece as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE (€)
2022	85.411,65
2023	341.646,61
TOTAL	427.058,26

Esta subvención finánciase integramente pola Unión Europea a través dos fondos asignados á Xunta de Galicia para o financiamento de actuacións en Reservas da Biosfera con cargo ao PRTR, sen que a Deputación de Lugo teña que cofinanciar as referidas actuacións.

Segundo a convocatoria aprobada pola Orde do 25 de xaneiro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda:

“Artigo 24. Notificación da resolución, aceptación e renuncia

1. As notificacións das resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

...

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

...

6. A entidade beneficiaria poderá presentar a renuncia á axuda concedida, ante a DXPN, mediante o anexo III.”

“Artigo 27. Anticipos e garantías

1. Poderase solicitar o abono dun único pagamento anticipado (anexo VI) de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita lei.

2. Os pagamentos anticipados suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo a actuación subvencionada nos casos en que o gasto aínda non estea realizado. Este pagamento quedará suxeito ás seguintes condicións:

a) O importe do anticipo non poderá superar o da anualidade prevista para o exercicio orzamentario 2022.

b) A entidade beneficiaria deberá solicitalo por escrito ante a DXPN nun prazo de 15 días contados desde o día seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda.

c) No caso de que se solicite este anticipo, as entidades beneficiarias quedan obrigadas a constituír unha garantía polo importe solicitado:

1º. No caso de que a entidade solicitante sexa unha Administración pública, xunto coa solicitude de anticipo (anexo VI) deberán presentar a garantía escrita asinada polo órgano competente polo 110 % do importe anticipado.

...

d) A garantía estará en vigor ata que a DXPN autorice a súa cancelación ou devolución nas condicións descritas no artigo 63 do Regulamento (UE) 1305/2013.

e) A contía do anticipo terase en conta á hora de facer liquidacións parciais.

f) No caso de que se acorde o reintegro polo órgano competente e, a instancias deste, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda executará as garantías constituídas ao seu favor.

g) As entidades beneficiarias dos anticipos deberán estar ao día no pagamento das obrigas coa Seguridade Social, a Consellería de Facenda e a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

h) Así mesmo, e de acordo co establecido no artigo 61.3 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, as destinatarias destes anticipos tamén deberán estar ao corrente do pagamento das obrigas de reembolso de calquera outros anticipos concedidos anteriormente con cargo aos créditos especificamente consignados para a xestión de fondos europeos nos Orzamentos Xerais do Estado.”



“Artigo 28. Xustificación da subvención.

A xustificación da subvención efectuarase en dúas anualidades:

1. Anualidade 2022:

a) No caso de non solicitar anticipo, a entidade beneficiaria deberá solicitar o pagamento da anualidade correspondente ao ano 2022 (anexo IV) unha vez executada e xustificada a actividade correspondente.

b) Para a anualidade de 2022 só se admitirán aqueles gastos efectivamente realizados e pagados entre a data de emisión da acta de non inicio recollida no artigo 9.3 ou, no seu caso, da presentación da declaración responsable recollida no mesmo artigo, e o 21 de outubro de 2022.

c) No caso das entidades beneficiarias que solicitasen o anticipo, todas as actuacións deberán estar executadas e pagas con data límite do 23 de decembro de 2022, e poderán presentar a xustificación do importe anticipado na data establecida para a anualidade 2023 xunto á xustificación final.

2. Anualidade 2023:

a) Unha vez executada e xustificada a actividade correspondente ao ano 2023 solicitarase o pagamento da segunda anualidade (anexo IV).

b) Só será subvencionable o gasto realizado que fose efectivamente pagado con data límite do 29 de setembro de 2023.

3. Estes prazos serán, en todo caso, improrrogables.”

Polo anteriormente exposto, e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, propónse á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a aceptación da resolución como beneficiario da axuda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia para as actuacións do Órgano De Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (EXP MT724B/27/2022/300001/X), por importe de 427.058,26 € (IVE excluído), sen cofinanciación por parte da Deputación de Lugo, coas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE (€)
2022	85.411,65
2023	341.646,61
TOTAL	427.058,26

2º.- Aprobar a solicitude de abono dun único pagamento anticipado (seguindo o anexo VI da convocatoria) por importe de 85.411,65 €, no prazo de 15 días contados desde o día seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda (02.09.2022) á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

3º.- Aprobar a presentación, xunto coa solicitude anticipo, dunha garantía escrita asinada polo órgano competente polo 110 % do importe anticipado (é dicir, por un importe de 93.952,82 €).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CORRECCIÓN DE ERRO DO PUNTO 1 DA PROPOSTA DO PROGRAMA TRADIGALU, 2022.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Detectado erro material no punto 1 da proposta do Programa Tradigalu, 2022, aprobada pola Xunta de Goberno de data 15 de xullo de 2022, procedemos á súa subsanación no que se respecta a,

Onde dí:

“Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos. Se en algún dos grupos participantes neste Programa existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos musicais que se presenten a este Programa.

Do mesmo xeito, en caso de existir integrantes menores de idade (entre 13 e 17 anos) deberase asinar unha declaración responsable pola que se fará cargo da súa seguridade e demais responsabilidades derivadas, a persoa responsable do grupo de música, banda ou coral participante neste Programa”.



Debe decir:

Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos. Se en algún dos grupos participantes neste Programa existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos musicais que se presenten a este Programa.

Do mesmo xeito, en caso de existir integrantes menores de idade deberase asinar unha declaración responsable pola que se fará cargo da súa seguridade e demais responsabilidades derivadas a persoa responsable do grupo de música, banda ou coral participante neste Programa.

Por todo o exposto, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo para a subsanación do erro material detectado no punto 1 da proposta do Programa Tradigalu, 2022 aprobada en data 15 de xullo de 2022, no senso de que:

Onde dí:

“Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos. Se en algún dos grupos participantes neste Programa existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos musicais que se presenten a este Programa.

Do mesmo xeito, en caso de existir integrantes menores de idade (entre 13 e 17 anos) deberase asinar unha declaración responsable pola que se fará cargo da súa seguridade e demais responsabilidades derivadas, a persoa responsable do grupo de música, banda ou coral participante neste Programa.”

Debe decir:

Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos. Se en algún dos grupos participantes neste Programa existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos musicais que se presenten a este Programa.

Do mesmo xeito, en caso de existir integrantes menores de idade deberase asinar unha declaración responsable pola que se fará cargo da súa seguridade e demais responsabilidades derivadas a persoa responsable do grupo de música, banda ou coral participante neste Programa.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES XERAIS QUE REGULAN, XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS, OS PROCESOS SELECTIVOS QUE SE CONVOQUEN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA OU LABORAL FIXO, NA DEPUTACIÓN DE LUGO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 - IB) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO), COTA XERAL OU COTA DE RESERVA A PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, SISTEMA CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 (apartado IB), aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no seu artigo 2 que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

Para executar este apartado da Oferta de Emprego, débense, aprobar as convocatorias, as bases xerais e as bases específicas de cada un dos procesos selectivos afectados polo sinalado no Art 2 da Lei 20/2021. A publicación para cumprimento do artigo 2.2 da mencionada Lei deberá realizarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2022.



Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

As bases xerais que se acompañan, regularán os aspectos comúns dos procesos selectivos aos que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, sendo complementadas polas bases específicas que se aproben para cada unha das convocatorias, e cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP); e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantizará o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 na Lei 20/2021.

3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

A vista do antedito proponse á Xunta de Goberno para cumprimento do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que acorde:

1º.- Aprobar as bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos que se convoquen para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, na Deputación de Lugo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema concurso-oposición, acceso libre.

2º.- Ordenar a publicación das presentes bases xerais no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN SEIS (6) PRAZAS DENOMINADAS TÉCNICO/A XESTIÓN, CINCO (5) COTA XERAL E UNHA (1) COTA DE RESERVA A PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal daquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.



O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”;

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP);e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantizará o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.

3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Proponse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022”e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2022 – IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB) 1 réxime xurídico administrativo acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinalan:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO /SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABALLO	COTA
859 877 878 879 891	TÉCNICO/A XESTIÓN	Escala administración xeral, subescala xestión	A / A2	1347 1421 1422 1423 1455	TÉCNICO/A XESTIÓN ENTRADA	Xeral
968				1692		Reserva a persoas con capacidades diferentes art. 59.1 do TREBEP

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).



4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que prestan servizos temporais vinculados as prazas/postos que se convocan, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA, DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS ADMINISTRATIVO/A, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”;

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP);e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.



3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Proponse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022”e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2022 – IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB) 1 réxime xurídico administrativo acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinalan:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
33 43 494	ADMINISTRATIVO/A	Escala de administración xeral, subescala administrativa	C/C1	1413 1412 726	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que prestan servizos temporais vinculados as prazas/postos que se convocan, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non

dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para daquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen



ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”;

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP);e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantizará o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.

3) Respetan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022” e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso na praza, vacante e dotada, incluída na OEP do ano 2022 – IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB) 1 réxime xurídico administrativo acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinala:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
889	TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais	A/A1	1453	TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL ENTRADA	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso á praza sinalada no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, á persoa que preste servizo temporais vinculados apraza/posto que se convoca, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.



5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A TURISMO, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para daquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivese ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

